

Exp. Serv. Arqueoloxía:	02.C.1508. 2022.001
Código SXPA:	CT 102A 2022/877-0

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA UNHA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTAIA DE VILACOBA (LOUSAME, A CORUÑA)

Antecedentes

1.-O 24.10.2022 Lourenzo Fernández Prieto, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), presentou a solicitude de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para realizar a actividade arqueolóxica que se describe como segue:

Título do proxecto: **Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame, A Coruña)**

Arqueólogo solicitante: **José Carlos Sánchez Pardo** Autor do proxecto: **Julián Bustelo Abuín**

Promove: **USC ao abeiro do Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a realización de actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática en Galicia 2022**

2.-O 09.11.2022, logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe.

Consideracións Legais

1.-Os artigos 95 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2.-O Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude dos artigos 3 e 8 do citado Decreto 199/1997,

RESOLVO:

1.-Autorizar a José Carlos Sánchez Pardo, na súa calidade de arqueólogo solicitante, para que realice Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame, A Coruña), que se clasifica como actividade de investigación. O tempo de execución será de 10 días.

2.- Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:

- Na execución da actuación e destino dos restos seguirase o Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura, segundo a Orde PRE/2568, do 26 de setembro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 23.09.2011 (BOE núm. 232 do martes 27 de setembro de 2011).
- Logo de rematar a actuación arqueolóxica taparase a área escavada e reporase o terreo ao seu debido estado.
- O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate desta, e nun prazo máximo dun mes, presentarase un informe preliminar dela, e no prazo de 12 meses a memoria interpretativa, e de recollérense materiais de interese arqueolóxico acta de depósito no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.



- d) Unha copia do conxunto da memoria presentarase en soporte dixital, formato PDF ou compatible, asinada dixitalmente, na que se deberá recoller documentalmente a totalidade do proceso de intervención, as fichas de Ues debidamente cubertas, así como os resultados acadados.

Así mesmo entregárase, como anexo dixital da memoria, de forma presencial ou telemática, en estándares abertos ou de uso xeneralizado, polo menos os seguintes arquivos nos que estea garantida a interoperatividade:

- Planos da intervención arqueolóxica (plantas, alzados e seccións) en formato compatible con software de SIX e en formato reproducible que non supoña perda de definición ao escalalos. As plantas en arquivos separados e, de ser o caso, integradas no plano topográfico xeral do xacemento
- Fotografías de calidade xerais e de detalle da intervención, debidamente identificadas ou acompañadas dun índice en formato texto.
- Inventario de materiais.

O rexistro e a documentación da actuación arqueolóxica que se presente deberá estar xeoreferenciada ao sistema de coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829).

- e) No non previsto nesta resolución, observarase o disposto nos artigos 9 a 16 do citado Decreto 199/1997.

3.-Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE. núm.236, do 02.10.2015).

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

